

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES



IES CANIDO CURSO ACADÉMICO 2023-2024



Índice

1. OBXECTIVOS XERAIS.....	1
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	1
3. LIÑAS DE ACTUACIÓN:.....	2
4. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES DENDE A BIBLIOTECA.....	3
5. ACTIVIDADES COORDINADAS DENDE VICEDIRECCIÓN.....	4
6. COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS DO BARRIO:.....	5
7. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS DEPARTAMENTOS.....	6
8. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	15



A programación do departamento de actividades complementarias e extraescolares vai dirixida a potenciar valores relacionados coa socialización, a participación, a cooperación, a integración, o respecto das opinións dos outros e a asunción de responsabilidades.

1. OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o interese do alumnado polo mundo que nos rodea, de xeito que non se perciba o ámbito escolar como algo alleo á propia vida.
- Impulsar actividades de grupo que esixan tarefas comunitarias e que desenvolvan actitudes solidarias, tolerantes e sen discriminación de sexos, capacidades, culturas,... Desexamos que sexa o propio alumnado o que participe activamente no deseño e realización dalgunhas das propostas, para mellorar os seus sistemas de organización e as súas responsabilidades individuais e colectivas.
- Interesar ao alumnado no seu propio proceso educativo, ampliando ao mesmo tempo a súa formación.
- Impulsar a preocupación do alumnado polo seu ámbito, tanto no que se refire á conservación e mellora do medio ambiente, como respecto e aprecio polo seu patrimonio cultural máis próximo.
- Potenciar no centro os grupos estables de participación en actividades, e promover outros novos.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Acadar unha participación estable e adecuada nas actividades do proxecto.
- Promover e facilitar o deporte como hábito saudable de lecer, promovendo deportes minoritarios e aumentar a participación das mulleres no deporte.
- Impulsar o proceso de creación de grupos de actividades con base nos seus intereses, apoiando a consolidación dos grupos, a autonomía e a auto-xestión e impulsar asociacións como un modelo de implicación e participación da mocidade.
- Incentivar a participación en actividades e espazos para mozos socialmente desfavorecidos, inmigrantes e outros grupos de risco e / ou marxinados.
- Abrir foros de participación para a mocidade de dentro e fóra do centro.
- Conseguir unha difusión axeitada do proxecto e as súas actividades como espazo



aberto á participación de todos os medios de comunicación e divulgación.

- Establecer unha estreita coordinación cos proxectos municipais que traballan na área da infancia e da xuventude para compartir experiencias, ofrecer camiños para a participación da xuventude e do plan de actividades conxuntas relevantes para os mozos e que implica a interacción entre os participantes de todos os Proxectos.
- Incentivar a participación en actividades individuais ou colectivas.
- Utilizar eficientemente os recursos e instalacións dispoñibles, ofrecendoo como espazo aberto á participación da Comunidade.
- Desenvolver actividades entre as asociacións do barrio, promovendo a participación activa da mocidade na súa organización.
- Mellorar as canles de información e comunicación trimestral que implica profesorado, alumnado e a ANPA , para dar a coñecer as actividades que están a ser desenvolvidas no centro.
- Incentivar a participación, implicación e traballo conxunto coa ANPA do centro.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN:

O plano de actividades extraescolares e complementarias do Centro se basea fundamentalmente nas propostas de:

- O departamento de Actividades Extraescolares
- A Biblioteca
- O ANPA
- Os departamentos didácticos.
- O equipo de normalización lingüística.
- O Departamento de Orientación



4. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES DENDE A BIBLIOTECA

- Baixo o paraugas do proxecto interdisciplinar de centro “*Nós tamén navegar*” deseñado dende a biblioteca, propónse actividades coma:
 - Vela na ría de Ferrol
 - Visita a Exponav
 - Visitas en lancha
- Actividades de dinamización coma a II Xincana no centro, celebrada con moito éxito o curso pasado.
- “*Xogamos?*”: proxecto promovido polo Departamento de Xeografía e Historia que consiste nunha investigación sobre os xogos de mesa ao longo da historia e creación por parte dos alumnos/as dos seus propios xogos. En colaboración co CFR de Ferrol queremos promover a aprendizaxe baseada en xogos.
- “*Ferroláns na historia da literatura galega*”: proxecto promovido dende o Departamento de Literatura Galega, partindo do traballo de Henrique Dacosta, coa idea de crear itinerarios reais e virtuais. O punto de partida será, precisamente, Xohana Torres, ferrolá de adopción e de quen toma título este proxecto de “*Nós tamén navegar*”.
- Tras coñecer que o Día das Letras Galegas de 2024 estará adicado a Luísa Villalta, dende a biblioteca propónse un proxecto especial, xa que a escritora foi profesora no IES Canido nos anos 90. A proposta é organizar unha exposición con imaxes desa época no instituto e faladoiros con antigos alumnos e compañeiros.
- Inicio progresivo da actividade “*Hora de Ler*”: a idea sería adicar unha hora á semana a lectura libre, cambiando as materias semanalmente.
- Continuación das lecturas dramatizadas polas aulas no Día do Libro, a cargo do alumnado de Oratoria (coa colaboración do Departamento de Filosofía).
- Celebración do Día da Poesía, con actividades coma os “poemas a cegas”, en colaboración co Departamento de Lingua Galega).
- Colaboración con outras Celebracións (Samaín, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas)



5. ACTIVIDADES COORDINADAS DENDE VICEDIRECCIÓN

- **EXCURSIÓN FIN DE CURSO 4º ESO:**

Dende o equipo directivo apóianse todas as actividades relacionadas con esta viaxe, que debe ser proposta e coordinada polas titorías de ambos os grupos de 4º da ESO (sempre que haxa profesorado acompañante voluntario).

- **NADAL:**

Concurso temático sobre o Nadal ou o inverno, e o tradicional intercambio de felicitacións de Nadal.

- **SAMAÍN:**

Nos derradeiros días de outubro prepararemos as tradicionais cabazas e a decoración outonal, con obradoiros, exposición e charlas.

- **MAGOSTO:**

Nos primeiros días de novembro celebraremos un magosto no que alén de comer castañas aproveitamos para divertirnos con xogos tradicionais, danza, etc...

- **ENTROIDO:**

-O centro é un museo. Somos obras de arte!
-Visita ó Zoo.
-A máquina do tempo (escollemos diferentes períodos históricos).
-Nós, tamén navegar (Proxecto interdisciplinar dende a Biblioteca)

Continuidade da celebración do Entroido temático, que xa é tradición no IES Canido. Este ano os eixos temáticos propostos son os seguintes:

Unha vez decidido o eixo temático de entre os propostos, procurará que éste teña algunha visibilidade no barrio, saíndo, por exemplo, a facer algunha comparsa ou actividade nas rúas próximas ao centro.

- **ACTIVIDADES DEPORTIVAS:**

Encadrado na promoción da actividade física e o deporte manterase a oferta de actividades concretas (voleibol, pimpón, fútbol, xogos tradicionais). Ademais



continuaremos coas competicións alumnos/profesores.

- **FROITA E LEITE:**

Distribución de froita fresca e leite aos alumnos a través das axudas do FOGGA (se nos conceden o programa, que xa está solicitado e xa funcionou o curso pasado)

- **OS MAIOS:**

Faremos o noso maio e as nosas decoracións florais, ademais de aproveitar a ocasión para danzar e cantar; e farémolo en colaboración con outros centros educativos do barrio e coa Asociación Sociocultural Muíño do Vento

- **OUTRAS CONMEMORACIÓNS:**

25 de novembro: Día internacional contra a violencia de Xénero

24 de xaneiro: Día Internacional da Educación

30 de xaneiro: Día da Paz

23 febreiro: Día de Rosalía de Castro

8 de marzo: Día Internacional da Muller

7 de abril: Día Mundial da Saúde

2 de maio: Día internacional contra o Acoso Escolar.

- **CHARLAS E CONFERENCIAS:**

De temática variada, en función das propostas polos departamentos.

- **DÍA DO LIBRO:**

Concurso fotográfico “Libros vivos” y de microrelatos.

- **BRIGADAS ECOLÓXICAS:**

Continuaremos co esforzo de facer do noso centro educativo un entorno limpo e contribuiremos a través da recollida selectiva de lixo e a reciclaxe.

- **DESPEDIDA DO ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO.**

6. COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS DO BARRIO:

- Participación na organización dos Maios.



- Certame “Inventa unha Flor.”

7. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS DEPARTAMENTOS

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA :

1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Visita ao Planetario da “Casa das Ciencias” da Coruña. • Visita ao Acuario “Aquarium Finisterrae” da Coruña. • Visita ao Museo da SGHN. Ferrol • Charla de Astronomía (Paulino-SGHN). Ferrol • Visita ao Parque Natural das Fragas do Eume (Xunto co departamento de Historia)
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Casa do HOME. Coruña (posible combinación coa casa das ciencias) • Charla de educación sexual con 3º da ESO.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Excursión pola ría de Ferrol na lancha de Mugar dos en colaboración co departamento de Historia e en función das subvencións dispoñibles.
ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de diversas prácticas nos laboratorios de bioloxía e xeoloxía • Asistencia a unha Xeoruta.
BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Visita á estación biolóxica da Graña. 1º e 2º de bacharelato. • Interpretación dun intermareal con 1º de bacharelato.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS:

2º e 3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia á representación da obra teatral en francés “ Les trois Mousquetaires” no Colexio Cristo Rey. Ferrol.
-------------	--



DEPARTAMENTO DE INGLÉS:

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Celebración do Día de Europa o 9 de maio. • Asistencia a unha obra de teatro aínda por determinar. • Celebración no centro de distintas festividades relacionadas coas culturas anglosaxonas e de países anglofalantes (Halloween, Saint Patrick´s Day.). • Actividades enmarcadas no Proxecto Erasmus KA 121 “Zero Waste” do instituto, coma mobilidades e recepcións de alumnado. • Traballo de conversa co o alumnado a través do lector nativo . • Penpals (amigos por correo-wassapp) con alumnado dos centros participantes no proxecto Erasmus + • Charla vencelladas co medio ambiente e emprego responsable de materiais a cargo da experta Arabella Salonikidou. • Creación de materiais en lingua inglesa para o blogue do proxecto Erasmus. • Mobilidades baixo o paraugas do proxecto Europeo (Suecia, Italia...)
-----------------------	---

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA :

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración co Departamento de Dinamización Lingüística. • Asistencia a espectáculos teatrais fóra do centro. • Participación en concursos de relato e poesía. • Encontros con autores e/ou autoras... • -En colaboración coa Biblioteca, participación nos Recreos Literarios, no Certame para a Paz e na celebración do 8 de Marzo, “día da Muller”.
-----------------------	---



DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:

ESO E BACH.	<ul style="list-style-type: none"> Asistencia a unha representación teatral vencellada ó currículo da asignatura. Aproveitando a saída, se complementará con algunha outra visita cultural.
ESO	<ul style="list-style-type: none"> Participación no certame de relato curto promovido por Coca-Cola.

DEPARTAMENTO DE LATÍN:

ESO E BACH	Participación no concurso en liña “Odisea” (mes de febreiro- marzo)
1º E 2º BACH	Asistencia á representación de obras teatrais clásicas.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O equipo de normalización lingüística, colabora na celebración das distintas efemérides:

- **O magosto** . Certame de xogos populares e decoración de cabazas. Bailes tradicionais.
- **O Samaín**. Difusión no barrio do traballo do noso alumnado.
- **25 de novembro: Conmemoración da non violencia de xénero.**
- **Día mundial da Paz** : Celebración dun Recreo Literario
- **Nadal**. Concurso de postais e exposición de textos da nosa tradición oral.
- **Entroido**: Os temas a elixir son “A máquina do tempo”, “Visita ao zoo” ou “O instituto coma Museo” e “Nós, tamén navegar”, proposto dende a Biblioteca.
- **Maio**: en colaboración cos centros de ensino da nosa zona e asociación de barrio, xa que esta festa é a mais significativa da nosa contorna.

Tamén colabora coa participación en diversas iniciativas coma:



- Participación no certame literario “*Inventa unha flor*” convocado pola Asociación Socio-cultural Muíño do Vento de Canido en colaboración co Concello de Ferrol. •
- Participación na X Edición do certame de microrrelatos Carmela Loureiro (Concello de Ferrol)
- Participación no Club de debate en colaboración co equipo de dinamización da Lingua Galega do Concello.
- Participación en obradoiros literarios, artísticos e de sociolingüística.
- Propostas de lecturas en galego de carácter científico-tecnolóxico, coa colaboración da equipa de biblioteca.
- Posta en marcha dun club de Ciencias que se desenvolverá preferentemente en galego.
- Uso de códigos QR en diferentes paneis informativos, e tamén etiquetas NFC.
- Con esa intención desenvolverase tamén unha “**Scape Room**” con multitude de elementos dixitais, esta actividade esta organizada pola profesora Marcela Ríos, pertencente ao equipo de dinamización e ao departamento de Lingua Castelá.
- Letras Galegas. Nesta semana traballarase a figura de Luisa Villalta e a súa traxectoria.. Elaboración de paneis divulgativos e/ou vídeos/presentacións nos corredores do centro. Creación de códigos QR asociados aos paneis para ampliar información ou etiquetas NFC.
- Recreos literarios na Biblioteca do Centro, en colaboración co coordinador desta.
- Participación nas actividades que oferta a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, coma:
 - *Certame Poesía e Imaxe “Galego sen filtro”*. Un certame de expresión



artística baseada en textos de autores galegos e de linguas extranxeiras.

- *Semana do cinema galego*: proxección de cinema en galego nunha das salas da cidade en colaboración co Concello de Ferrol.
- *Teatro con G*: representacións teatrais na que os centros escolares presentan as súas propostas escénicas ensaiadas durante o curso.
- *A mocidade coa lingua*: Trátase dun festival musical que adoita realizarse polo mes de maio e no que diferentes grupos participan con temas interpretados en galego. Tamén colabora o Concello de Ferrol.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:

1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Visita a un xacemento arqueolóxico.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Excursión a Moeche ou Pontedeume para coñecer a realidade do mundo medieval
3º de ESO:	<ul style="list-style-type: none"> • Roteiro para coñecer o Ferrol da Ilustración. Visita a diversos barrios (Magdalena) e edificios ou lugares vinculados ao fenómeno da Ilustración.
2º BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Excursión a Santiago de Compostela para visitar a catedral e asistencia a algunha exposición ou evento que coincida co momento da visita. Se as circunstancias o permitiran poderíase contemplar a posibilidade dunha viaxe (León, Oporto, Madrid) cos alumnos/as interesados na visita a museos ou salas de exposición ou eventos artísticos diversos.



DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA:

1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Visita ao MUNCYT da Coruña e do Acuario ou Planetario, en colaboración co departamento de Bioloxía. • Taller de robótica de Igaciencia.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Este curso realizarase unha visita ao museo naval e da construción naval en Ferrol, en colaboración co departamento de Xeografía e Historia.
3º ESO:	<ul style="list-style-type: none"> • Charlas sobre seguridade informática
4º ESO – 1º BAC	<ul style="list-style-type: none"> • Visita ao centro CIFP Ferrolterra para ver as instalacións de vivendas. • Visita a Citroen en Vigo ou á fábrica de leite Río en Lugo. • Este curso tense previsto dar unhas charlas no centro sobre seguridade informática. • Visita al laboratorio de mecánica de la UDC. • Participación na G-Night no Campus de Ferrol. • Participación nun concurso de prototipos organizado pola UDC.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA:

ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Visita a Sotavento en Xermade. Nestas instalacións o alumnado participará en actividades centradas nas enerxías renovables, o aforro, a eficiencia enerxética e a súa interrelación coa problemática ambiental.
BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Para este nivel propónse unha visita a planta de tratamento de residuos de SOGARISA en Somozas. Nestas instalacións o alumnado participará da actividade de reciclaxe de residuos.



DEPARTAMENTO DE DEBUXO

ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Participación no <i>Certame Poesía e Imaxe “Galego sen filtro”</i>: Trátase dun concurso de imaxes inspiradas en versos de autores internacionais e tamén galegos. No caso de ter alumnado premiado ou seleccionado, unha saída a visitar a exposición (ou ben solicitar que envíen a exposición ó centro). • Participación no Certame de banda deseñada <i>Demo Pequeno</i>, convocado polo Museo do Humor de Fene. • Colaboración co Entroido do centro realizando decoracións, disfraces e diversas propostas plásticas coma cartelería ou ambientación no centro.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro en liña sobre arte contemporáneo impartido polo CGAC (Centro Galego de Arte contemporáneo de Santiago de Compostela) co título : <i>Qué é a Arte Contemporánea?</i>
BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Saídas á rúa polo barrio para facer bosquexos e debuxos a man alzada, e traballar así o debuxo arquitectónico vencellado co tema de Perspectiva Cónica traballado en Debuxo Técnico.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Charlas sobre: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Acoso escolar (PLAN DIRECTOR). ◦ Bo uso das novas tecnoloxías (PLAN DIRECTOR). ◦ “No bloquees tu salud mental 2021”PROGRAMA DESCUBRE. ◦ 25N- Prevención violencia de xénero. CRUZ VERMELLA.. ◦ Seguridade Vial (AESLEME). ◦ Hábitos de alimentación saudable.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de prevención do consumo de drogas (PLAN



	<p>DIRECTOR)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Charlas sobre: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Prevención de adicción ao móvil . ◦ Ciberseguridade (PLAN DIRECTOR). ◦ Fomento doazón de órganos e hábitos de vida saudables. ◦ 25 N -Prevención violencia de xénero. CRUZ VERMELLA.
<p>3º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro sobre prevención de conductas adictivas (ASFEDRO) • Charlas sobre: <ul style="list-style-type: none"> ◦ “No bloquees tu salud mental ”PROGRAMA DESCUBRE. ◦ Afectividade e sexualidade (QUÉROTE +). ◦ Hábitos de alimentación saludable
<p>4º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Saída para visitar institutos de Formación Profesional da contorna. • Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra • Obradoiro sobre prevención da violencia de xénero (PLAN DIRECTOR) • Charlas sobre: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Xogo patolóxico no ámbito escolar (ASFEDRO) ◦ Risco Cero sobre prevención de enfermidades de transmisión sexual. ◦ PROGRAMA DESCUBRE. <i>No bloquees tu salud mental.</i>
<p>1ºBAC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Visita ao Campus de Ferrol da Universidade da Coruña. • Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra.
<p>2ºBAC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Charla sobre a ABAU e os grados universitarios da Universidade de Santiago.



AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

ALUMNADO PT	<ul style="list-style-type: none"> • Pequenas saídas vencelladas co seu entorno máis próximo: o barrio, e a súa cidade, e enlazadas tamén cos pequenos proxectos que se podan levar a cabo nesta aula (alimentación saudable, imos mercar?) • Sesións de orientación profesional da Armada Española (para interesados).
------------------------	---

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS:

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Participación en diversos concursos matemáticos "Canguro matemático" e "Rally matemático" • Participación na Olimpíada Matemática para o alumnado de 2º ESO • Colaboración na realización de probas cos demás departamentos interesados do centro na realización da Xincana do centro. • Actividades relacionadas co departamento propostas dende o Campus Industrial. • Participación no Club de Ciencias
-----------------------	--

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA:

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación, senderismo, piragüismo e MTB. • Práctica de distintas actividades físicas e deportivas en zona urbana (parkour, orientación,...). • Actividades en instalacións deportivas no Concello e comarca.
	<ul style="list-style-type: none"> • Recreos activos con actividades que promocionen a actividade física a a saúde (baile, campionatos deportivos,etc.)
	<ul style="list-style-type: none"> • Xornadas, actividades de promoción da actividade física, campionatos de xogos e deportes.



	<ul style="list-style-type: none"> Participación no Día da Educación Física na Rúa.
--	--

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA:

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> Participación no debate organizado pola Fundación Barrié. Clube de Debate organizado polo Concello de Ferrol e outros Concellos. Participación na actividade “Educar en Xustiza” organizado polo TSX, no que o alumnado vai ao xulgado para que presencien un xuízo e despois interactúan co xuíz e o fiscal.
-------------------	---

DEPARTAMENTO DE MÚSICA:

ESO E BACH	<ul style="list-style-type: none"> Participación en actividades musicais fóra e dentro do instituto, concertos didácticos, visitas a exposicións relacionadas coa música, a participación en distintas agrupación musicais, etc... Asistencia a actividades musicais organizadas polo concello co fin de que o alumnado poida ver a realidade musical en un dos espazos máis emblemáticos como é o teatro. Actividades musicais coordinadas dende o centro e coa participación do alumnado de música.
-------------------	--

8. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

3º,4º ESO E 1º BACH	<p>Obradoiro de Programación e desenvolvemento de videoxogos 2D .</p> <p>O obradoiro terá lugar en sesión de tarde, unha hora á semana ben de xeito presencial ou ben vía online.</p>
4º ESO	<p>Cerimonia de despedida do alumnado que finaliza a ESO.</p>

Finalmente, e como se vén facendo os anos anteriores, o departamento de actividades extraescolares e complementarias estudará ao longo do curso as distintas ofertas



culturais que vaian xurdindo (obras teatrais, ciclos de conferencias, exposicións...) que consideremos importantes para o alumnado. Porén, temos que ter presente que a oferta das mesmas nos vai chegando a medida que transcorre o curso, polo que non podemos establecer unha programación totalmente definida das mesmas a estas alturas do curso. Para estas actividades seguirase o protocolo xa establecido en cursos anteriores.

Ferrol, 25 de setembro de 2023

M^a Cristina Bravo

COORDINADORA DO PLANO : M^a Cristina Bravo Fernández